



XLII CONCURSO INTERNACIONAL DE JÓVENES MANEJADORES “MEMORIAL LUIS LOUZAO 2025”

Un bo manexador é aquel que coñece á perfección a morfoloxía dos seus animais e despois dunha correcta doma, preparación e pelado, é capaz de facer resaltar as virtudes do exemplar que presenta, minimizando ó mesmo tempo os posibles defectos que poida ter.

Este concurso consiste en que os xóvenes participantes demostren a súa habilidade na presentación en pistas de concurso e exposicións, aproveitando ó máximo as cualidades e posibilidades que ofrece cada animal.

Os fines perseguidos con este concurso son:

- * Animar ós xóvenes a interesarse e participar, dende idade temperá, nas tarefas de selección e mellora das súas explotacións.
- * Colaborar na profesionalización e autoestima dun sector que, tradicionalmente foi menosprezado na nosa sociedade.
- * Asegurar a continuidade dos concursos, exposicións e poxas no futuro como medio imprescindible para a promoción, rendibilidade e continuidade das explotacións gandeiras.

BASES DO CONCURSO

CONDICIÓNS XERAIS

- 1.-** O Concurso celebrarase o **venres 21 de febreiro ás 18.00 horas** no recinto Feira Internacional de Galicia ABANCA, en Silleda.
- 2.-** Antes do Concurso terá lugar unha Demostración de Manexo para todos os presentes e, en especial, para os participantes en dito Concurso.
- 3.-** Nel poderán participar, a título individual, todos aqueles xóvenes de calquera procedencia e cuxa idade non exceda dos 30 anos, inclusive.



4.- Dada a diferenca de idade entre os posibles participantes, establécense as seccións según se indica no punto 5.

5.- SECCIÓNS:

- **Sección 1ª:** competirán xóvenes que teñan **entre 21 e 30 anos inclusive.**
- **Sección 2ª:** competirán xóvenes de **entre os 16 e 20 anos inclusive.**
- **Sección 3ª:** inclúe a xóvenes con idades **entre 10 y 15 anos inclusive.**
- **Sección 4ª:** participarán xóvenes **menores de 9 anos.**
- **Sección 5ª: CAMPIONATO:** competirán polos títulos de CAMPIÓN, SUBCAMPIÓN e MENCIÓN DE HONRA os tres primeiros clasificados nas seccións 1ª, 2ª e 3ª.

6.- As seccións serán xulgadas empezando polos manexadores de máis idade, permitindo así, que os máis xóvenes poidan aprender das técnicas que os maiores empregan.

7.- No caso de que algunha sección teña menos de 3 participantes, serán incluídos na sección anterior ou posterior, en función da súa idade.

8.- Tomarase como data de referencia para determinar a idade dos concursantes o 31 de xaneiro de 2025.

9.- Sendo o obxectivo deste Concurso formar e estimular ós xóvenes nas tarefas de doma, manexo e presentación de gando, cada participante estará obrigado a preparar o animal co que vaia concursar.

10.- Os máis xóvenes poderán ter axuda nos traballos mencionados (punto 9) polos seus pais, colaboradores do Clube u outras persoas que se atopen no recinto.

11.- Os concursantes participarán obrigatoriamente, con animais inscritos nas seccións de becerras e xovencas do Concurso Autonómico e/ou Internacional.



CONDICIÓN DE PRESENTACIÓN

No momento de presentación dos animais en pista, cada manexador deberá:

12.- Obrigatoriamente ir uniformado con **CAMISA E PANTALÓN BRANCOS**.

13.- Comprobar que o animal que vaia exhibir esté perfectamente domado, limpo e en condicións para saír a pista.

14.- Estar atento ás instrucións que se dean e presentarse puntualmente na pista, cando e cántas veces sexa requerido.

15.- Unha vez en pista, estar atento en todo momento ás indicacións do Xuíz e actuar correcta e rápidamente dacordo ás mesmas.

16.- Manter en todo momento o animal baixo control, procurando non distraer nin molestar ós outros concursantes.

17.- Estar preparado para responder a calquera pregunta que o Xuíz poida facerlle con respecto ó animal que conduce (idade, país, etc).

18.- Recordar que unha sección non rematou ata que o Xuíz o indique, por tanto, toda colocación será provisional ata dito momento.

19.- Aceptar e asumir deportivamente as decisións do Xuíz, mantendo en todo momento unha actitude correcta e respetuosa tanto co Xuíz coma cos compañeiros.

XULGAMENTO

O xulgamento do Concurso de Xóvenes Manejadores correrá a cargo dun **Xuíz Internacional**.

Serán misións deste Xuíz:

20.- Valorar as habilidades dos manexadores (doma e presentación) sen ter en conta as características morfolóxicas dos animais que presenten.



ABANCA



21.- Xulgar cada sección por separado.

22.- Dar as explicacións do por qué da colocación en cada unha das seccións xulgadas, procurando aconsellar ós xóvenes como mellorar a súa técnica.

23.- Proceder á colocación final dos manexadores, tendo en conta as tres premisas básicas que estes deben observar (preparación do animal, técnica de presentación e actitude demostrada en pista, tanto de cara os seus compañeiros como ás indicacións do xuíz).

24.- As decisións do xuíz serán inapelables e, por tanto, a participación implica a aceptación das mesmas.

PREMIOS

25.- Outorgaranse escarapelas ós 3 primeiros clasificados das seccións 1ª, 2ª e 3ª.

26.- Sección 4ª: xóvenes menores de 9 anos: concederáse escarapela e un obsequio a todos os participantes.

27.- No Campionato (sección 5), concederáse os seguintes premios:

Campión: 150€ e trofeo
Subcampión: 100€ e trofeo
Mención de Honra: 80€
4º clasificado: 60€
5º clasificado: 40€
6º clasificado: 20€

PROTECCIÓN DE DATOS

28.- Normativa regulamento (UE)2016/679 RGPD e LOPDGDD 3/2018.

29.- Corresponsables do tratamento:

- **FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA**
NIF: G36155208
Enderezo: Recinto Ferial s/n, 36.540, Silleda (Pontevedra) España
Teléfono: 986 577000
Correo electrónico: info@feiragalicia.com



ABANCA

- **CLUB XOVENES GANDEIROS DE GALICIA**

NIF: G70149331

Enderezo: Rúa Melide, 25-27 Bajo, 15705 Santiago De Compostela (A Coruña) España

Teléfono: 981573879

Correo electrónico: clubexovenes@fefriga.com

30.-Finalidade e lexitimación do tratamento:

30.1. Xestionar os seus datos e os do menor para a participación no concurso e, no seu caso, a entrega de axudas e incentivos pola súa participación no concurso. Podemos tratar os seus datos con esta finalidade porque existe unha relación contractual.

30.2. Xestión contable. Podemos tratar os seus datos con esta finalidade porque existe unha obriga legal establecida na Ley Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

30.3. Xestión fiscal. Podemos tratar os seus datos con esta finalidade porque existe unha obriga legal establecida na Ley 58/2003, de 17 de diciembre, Xeral Tributaria.

30.4. Realizar actividades de promoción:

30.4.1. No caso de que resulte gañador, trataremos os seus datos (nome, imaxe e identificación da gandería) para dar a coñecer os gañadores mediante a súa publicación en RRSS e páxinas web das entidades, catálogos informativos e/ou outros medios de comunicación. Podemos tratar os seus datos con esta finalidade porque temos un interés lexítimo consistente en promocionar e dar transparencia ó concurso.

30.4.2. En caso de que nos teña outorgado o seu consentimento, trataremos os seus datos (imaxe) para dar a coñecer as actividades organizadas polas entidades, mediante a súa publicación en RRSS e páxinas web das entidades, catálogos informativos e/ou outros medios de comunicación. Poderemos tratar os seus datos con esta finalidade porque nos ten outorgado o seu consentimento explícito.

30.5. Comunicación das súas imaxes ás entidades colaboradoras (AFRICOR PONTEVEDRA, AFRICOR OURENSE, AFRICOR A CORUÑA, AFRICOR LUGO e CONAFE) para a promoción da súa



ABANCA



actividade mediante a toma e publicación das súas imaxes a través de RRSS, páxinas web, catálogos, memorias e/ou outros medios de comunicación. Poderemos tratar os seus datos con esta finalidade en caso de que nos dea o seu consentimento.

31.-Conservación de datos:

Os seus datos conservaranse durante o tempo preciso para cumprir coas finalidades indicadas e debidamente bloqueados, durante o prazo máis amplo de prescripción de conformidade á lexislación aplicable.

32.- Obriga de facilitar os datos

Os datos solicitados son necesarios para poder xestionar a súa inscrición, do contrario non poderá participar no concurso.

33.-Destinatarios de datos:

- a) Os datos do gañador serán comunicados á Administración Tributaria, para o cumprimento das obrigas legais.
- b) Os datos do gañador serán comunicados ás institucións bancarias para que poidan realizar os pagos do concurso.
- c) Os datos que sexan necesarios para o cobro/pago de indemnizacións ou para a atención, exercicio ou defensa de reclamacións serán comunicados a compañías de seguros e reaseguros, corredurías de seguros e reaseguros, avogados, fiscais, Xulgados e Tribunais.
- d) Se nos ten dado o seu consentimento, os seus datos (imaxe) serán divulgados ó público en xeral mediante publicación en RRSS e páxinas web das entidades, catálogos, informes e/ou outros medios de comunicación.
- e) Se nos ten dado o seu consentimento, os seus datos (imaxe) serán comunicados a entidades colaboradoras (AFRICOR PONTEVEDRA, AFRICOR OURENSE, AFRICOR A CORUÑA, AFRICOR LUGO e CONAFE) para a súa publicación na páxina web das entidades, catálogos, memorias anuais e outros medios de comunicación.



f) Comunicaranse os seus datos ós nosos encargados de tratamento cando fose necesario para a prestación dos servizos contratados ós mesmos.

34.-Transferencias internacionais de datos:

En caso de que nos teña dado o seu consentimento para a toma e publicación das súas imaxes, con ocasión da publicación a través de redes sociais do CLUBE XOVENES GANDEIROS DE GALICIA (Facebook e Instagram) e de SEMANA VERDE DE GALICIA (Facebook e Instagram) poderase producir unha Transferencia Internacional de datos a Estados Unidos ou calquera outro país nos que os seus subencargados manteñan operacións. Estas transferencias realizaranse mediante cláusulas contractuais tipo ou garantías alternativas. Pode obter máis información a través de <https://es-es.facebook.com/privacy/explanation> e <https://es-la.facebook.com/help/instagram/155833707900388>.

35.-Dereitos do interesado:

- Acceso: dereito a obter confirmación sobre se estamos tratando datos persoais seus ou non, a saber, cáles son, para que se usan, cómo tempo se van gardar, a orixe destes e se se teñen comunicado ou se van comunicar a un terceiro.

- Rectificación: dereito a solicitar a rectificación dos datos inexactos e a que se completen os datos persoais incompletos.

- Supresión: dereito a solicitar a supresión dos datos de carácter persoal cando sexan inadecuados, excesivos ou xa non sexan necesarios para os fins para os que foron recollidos, incluído o dereito ó olvido.

- Oposición: dereito a opoñerse, en determinadas circunstancias, a que se realice o tratamento dos seus datos persoais ou a solicitar que se cese no tratamento.

- Limitación do Tratamento: dereito a solicitar, nas circunstancias establecidas legalmente, que non se traten os seus datos máis alá da mera conservación destes.

- Portabilidade: dereito a recibir os datos de carácter persoal nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica, e poder transmitilos a outro responsable, sempre que sexa técnica e tecnicamente posible.

- Dereito a retirar o consentimento: poderá retirar o seu consentimento en calquera momento, aínda que os tratamentos que se teñan feito anteriormente continuarán sendo válidos.



36.-Exercicio dos dereitos:

O exercicio de dereitos deberá efectuarse por escrito dirixíndose a Rúa Melide, 25-27 Baixo, 15705, Santiago de Compostela (A Coruña) ou a través do correo electrónico clubexovenes@fefriga.com, Así mesmo, poñemos á súa disposición modelos para o seu exercicio, que poden obterse no enderezo postal ou a través do correo electrónico indicado anteriormente, para máis información: www.aepd.es

37.-Dereito de reclamación ante a Autoridade de Control:

No caso de que non se teñan respetado os seus dereitos pode presentar unha reclamación dirixíndose por escrito á Axencia Española de Protección de Datos sita na rúa Jorge Juan, 6-28001-Madrid ou utilizar a sede electrónica: <https://sede.aepd.gob.es>. En ambos casos, deberá facer chegar a documentación pertinente.

DISPOSICIÓN FINAIS

38.- A participación supón a aceptación de tódalas normas contidas no presente regulamento.

39.- A comisión organizadora decidirá sobre todas aquelas cuestións que se puidesen suscitar na interpretación do regulamento, ou que non estivesen recollidas no mesmo.